



Letras  
Galegas 2024

**LUISA VILLALTA**

### SERVIZOS PARA A RECICLAXE

■ Vedra pon as seguintes ferramentas a disposición veciñal.

#### PUNTO LIMPO:

Aberto os martes e sábados nos seguintes horarios:

- Martes: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
- Sábados: de 9:00 a 14:00 horas.

(XA NON É PRECISO SOLICITAR CITA PREVIA)

#### SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS:

O concello conta cun servizo de recollida de voluminosos a domicilio, para facerse cargo deses refugallos que non tes maneira de trasladar ao punto limpo. Só tes que chamar ao 981 814 612 e solicitar a recollida!!

### INFORMACIÓN CATASTRO EN VEDRA O TERCEIRO MARTES DE CADA MES ...EN MAIO SERÁ O MARTES VINTEÚN

■ Vedra oferta este servizo mensual de información de catastro.

CITA PREVIA OBRIGATORIA no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h.).

MOI IMPORTANTE: SÓ SE DARÁN CITAS PARA ASUNTOS RELACIONADOS CON BENS CATASTRAIS DENTRO DO TERMO MUNICIPAL.

### SERVIZO DE REPARACIÓNS NO SERVIZO DO ALUMEADO PÚBLICO

■ Se detectas que algún farol non funciona podes chamar ao 699 304 702.

## MAIO

L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

### CALENDARIO DE FESTIVIDADES EN VEDRA NO MES DE MAIO

- **1 de maio:** Día do Traballo (Festivo nacional).
- **17 de maio:** Día das Letras Galegas (Festivo autonómico).
- **22 de maio:** Día de Santa Rita (Festivo da Administración Local).

**OLLO... O 9 DE MAIO É A ASCENSIÓN, PERO ESTE ANO NON É FESTIVO LOCAL EN VEDRA!!**

### XESTIÓN TRIBUTARIA CALENDARIO FISCAL IVTM 2024

■ Dende o día 1 de abril e ata o 17 de xuño está a disposición dos contribuíntes os recibos en período voluntario do IVTM.



Aqueles recibos que se atopen domiciliados serán cargados en conta o día 16 de maio.

Na páxina web da Deputación da Coruña, concretamente na Oficina Virtual Tributaria (OVT) (<https://ovt.dacorua.gal>) pódense comprobar os recibos, obter a carta de pago e incluso realizar o pago do imposto. Tamén se pode solicitar a carta de pago no propio Concello.

Máis información e consultas no teléfono do Concello 981 814 612.



Presentación do libro "ANDRÉ" de Óscar Senra Gómez, na que contou coa presenza de Susana Aríns.



Formación do programa europeo Youleaders, co noso voluntariado xuvenil.



Vedra participou no evento final do proxecto europeo Elab-hause.rur celebrado en Bruxelas no marco do Festival da Nova Bauhaus Europea organizado pola Comisión europea.



Obradoiro sanitario na Ludoteca.

## ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS

### XLII FESTA DO VIÑO DA ULLA, COA SÚA COMISIÓN ORGANIZADORA



Mostra dos Concellos da Ribeira do Ulla.



Mostra dos Viños da Ribeira do Ulla.



Cata concurso dos viños da Ribeira do Ulla.



Xornadas técnicas sobre a cultura do viño.

## De Interese

### XULGADO DE PAZ

■ **ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES E XOVES.** Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

• **HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.**

• Email: [registrocivil.vedra@xustiza.gal](mailto:registrocivil.vedra@xustiza.gal)



### TABOLEIRO DIXITAL DE AXUDAS E OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

■ Na web municipal [www.concellodevedra.gal](http://www.concellodevedra.gal) está habilitada unha ventá dentro da sección de actualidade municipal, nela sempre poderás ver as axudas que podes solicitar e outras informacións de interese xeral.



Deste xeito sempre terás un lugar de recurso que visitar e ter á túa disposición.

### XESTIÓN DE BIORRESIDUOS- OBRIGATORIO PARA TODA A VECIÑANZA

■ **SABÍAS QUÉ? É obrigado por lei para todos os concellos xestionar os biorresiduos domésticos de xeito separado?**

En Vedra apostamos pola compostaxe doméstica facilitando gratuitamente un composteiro a cada vivenda que así o solicite e por iso xa levamos repartidos máis de 300 en anos anteriores. Agora serán máis de 1000 os entregados nos domicilios vedreses nos vindeiros 2 anos, para as vivendas que dispoñan de espazo e terreo para acollerse a este programa de compostaxe doméstica.

**SE AÍNDA NON TES O TEU COMPOSTEIRO? SOLICÍTALO XA NO 981 814 612 OU NO SEGUINTE ENDEREZO**

**ELECTRÓNICO:**  
[residuoskmcero@concellodevedra.gal](mailto:residuoskmcero@concellodevedra.gal)



## CURSO FOTOGRÁFICO NIVEL BÁSICO DENDE O CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN

■ **Datas:** 11, 18 e 25 de maio e o 1 de xuño. En horario de 9:30 a 13:30 h.

- **Prezo:** 40€ por persoa
- **Contidos:** Compoñentes, Composición, Luz e exposición, Edición fotográfica.



## CURSO “A MIÑA BANCA DIXITAL: FÁCIL E SEGURA” NA AULA CEMIT DE VEDRA

- Son 8 sesións de unha hora para evitar a fraude dixital.
- **Calendario:** Os luns de 10:00 a 11:00 h. do 13 de maio ao 24 de xuño. (Ambos incluídos).
- Posibilidade de dous grupos.
- **Inscripcións** no teléfono 981 814 691 antes do 10 de maio.
- **Prezo:** 10 € por persoa.



# Cultura

## LETRAS GALEGAS 2024... EN VEDRA

### ■ A MAXIA DE EUROPA CON PEDRO BUGARÍN

- Xoves 9 de maio ás 18:00 h. Biblioteca Municipal de Vedra.



### ■ ENCONTROS CO ESCRITOR VEDRÉS DE LITERATURA INFANTIL: RAMÓN BLANCO, AUTOR DOS CONTOS PEGASIÑO E CACHUCHO.

- Do 6 ao 16 de maio.
- Nas escolas unitarias do CRA Boqueixón-Vedra “Neira Vilas”
- CEIP Ortigueira
- CPI Plurilingüe de Vedra



## FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS

- Domingo 19 de maio ás 19:00 h. Centro Sociocultural de Vedra.
- Coral Polifónica de Santiso.
- Coro "O Nososon".
- Coral da Terceira Idade de Vedra.

Domingo 19 de maio ás 19:00 h.

## FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS

Centro Sociocultural de Vedra

CORAL POLIFÓNICA DE SANTISO

CORO NOSOSON

CORAL DA TERCEIRA IDADE DE VEDRA

En galego...  
hai Vedra

Concello de Vedra

## EXCURSIÓN AO FESTIVAL "LATEXOS DO RURAL" EN RIÓS

- Domingo 19 de maio.
- Saída ás 9:00 horas de Vedra.
- Ás 12 horas Vedra participa do acto inaugural deste festival coa plantación simbólica da nosa "Camelia".
- Durante toda a xornada gozaremos do completísimo cartel deste Festival que inclúe un xantar!!
- Prezo: 20 € (inclúe transporte e xantar).

Letras Galegas 2024

## EXCURSIÓN AO FESTIVAL LateXos do RURAL

EN RIÓS (OURENSE) 19 DE MAIO 2024

PREZO: 20 €  
INCLÚE: TRANSPORTE E XANTAR

- SAÍDA ÁS 9:00 H.
- ÁS 12:00 H. ACTO DE INAUGURACIÓN COA PRANTACIÓN DUNHA CAMELIA DE VEDRA
- ÁS 14:00 H. XANTAR

Inscripcións do 2 ao 10 de maio no Tf: 981814691

Concello de Vedra

## A XANELA DA LINGUA...

**VOLVE ESTE ESPAZO DEDICADO Á POSTA EN VALOR E DIFUSIÓN DA NOSA LINGUA!**

■ Como cada ano, dende 1963, a Real Academia Galega (RAG) rende homenaxe á literatura escollendo unha figura deste eido que é protagonista no Día das Letras Galegas o 17 de maio.

Nesta ocasión é a artista Luísa Villalta Gómez, homenaxeada por ser unha creadora en moitos eidos: dramaturga, violinista e sobre todo poeta.



© Xosé Abad



## Día das Letras Galegas 2024

## Luísa Villalta



## PARA O VERÁN 2024!!

■ Vedra no verán échese de posibilidades de conciliación e moita diversión!!

### LUDOVERÁN

No período de vacacións escolares a nosa ludoteca pasa ao horario de mañá, con servizo madrugadores.

O prazo de inscrición está aberto do 2 ao 31 de maio, toda a información na sección de servizos sociais deste mes.

### PISCINA MUNICIPAL

Nos meses de xullo e agosto. Abrirá todos os días en horario de tarde (agás en caso de mal tempo).

En vindeiros boletíns toda a información sobre tarifas, abonos e moito máis.

### CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE VERÁN

Estes xa teñen o seu prazo de pre-inscricións pechados e ofertarán diferentes experiencias lúdicas para a mocidade dos oito aos dezoito anos.

### CAMPAMENTO DEPORTIVO DA DEPUTACIÓN 2024

Este será outra alternativa que ofertará Vedra para nenas e nenos nadados e nadados entre o 1 de

xaneiro do 2010 e o 31 de decembro do 2015 cunha duración de 5 días con aloxamento e manutención na residencia do I.E.S. Rosalía Mera de A Coruña onde poderán desfrutar dunha ampla variedade de actividades por un prezo de 85,00€.

En vindeiros boletíns completaremos a información que tamén estará dispoñible na páxina web do Concello (concellodevedra.gal) ou a través do servizo de novas.

### CAMPAMENTOS DE VERÁN EN VEDRA DAS INICIATIVAS ASOCIATIVAS

As asociacións "Club Olímpico de Vedra" "ANPA CEIP Ortigueira" e "Amabul" un ano máis propoñen as súas alternativas...

Bótalle un ollo ás súas propostas, infórmate e participa!!

# Deporte

## FESTIVAL DE CLAUSURA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CURSO 2023/2024

■ O mércores 29 de maio ás 17:30 horas no pavillón municipal de deportes, os participantes das escolas deportivas de predeporte, baloncesto, ximnasia rítmica e karate realizarán unha exhibición das habilidades adquiridas durante este curso que

xa remata.

E o xoves 30 de maio ás 17:30 horas no pavillón de Lestedo será a quenda dos participantes da escola de patinaxe que contarán coa súa propia exhibición.

## SENDEIRISMO O SÁBADO 25 DE MAIO

■ A vindeira ruta será o día 25 de maio dende a Praia de Mañóns ata o Porto de Taragoña.

O grupo de sendeiristas continúa realizando o “O Camiño da Orixe”.

### Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 8:00 horas.
- Parada en Lestedo ás 8:10 horas.
- Parada no Breixo ás 8:15 horas.
- Parada no Hipercor ás 8:25 horas.
- Última parada diante da oficina do BNG (Antiga Estación de Buses) ás 8:30 horas.

Se queres participar desta etapa chama ao 981 814 691 e infórmate antes do 20 de maio.



## Servizos Sociais

### PROGRAMA DE TERMALISMO DO IMSERSO TEMPADA 2024

■ O prazo para participar no proceso de **adxudicación de prazas das quendas de setembro a decembro** estará aberto ata o 15 de maio de 2024.

Para a inclusión nas **listaxes de agarda**:

- Quendas febreiro a agosto: Aberto ata o 14 de maio de 2024.
- Quendas de setembro a decembro: Aberto ata o 15 de novembro de 2024.

Máis información na sede electrónica do IMSERSO:  
<https://sede.imserso.gob.es/>

Recoméndase solicitar cita previa no teléfono 981 814 612 para as persoas que decidan acudir presencialmente ao Concello a tramitar as súas solicitudes.



### ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VEDRA. CURSO 2024/2025

■ Publicada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas para participar neste curso da EIM de Vedra.

O dito listado podes consultado na web municipal ou no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vedra.

O prazo para presentar alegacións e reclamacións estará aberto ata o 5 de maio.

Unha vez finalizado, procederase a resolver as que se presenten, no seu caso, e aprobarase a listaxe definitiva.

As persoas interesadas NON deberán realizar ningún trámite neste prazo, agás interpor alegacións ou reclamacións se o consideran oportuno.

#### Para máis información:

- Regulamento de réxime interno da Escola infantil municipal de Vedra (BOP A Coruña núm. 179, do 26.10.2020)
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de atención da escola infantil municipal (BOP A Coruña núm. 36, do 24.02.2021).
- Por teléfono: 981 81 46 93 ou no 981 81 46 12.



## ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

### ■ Bingo

Xoves 9 de maio ás 20:00 h.

### ■ XXXI Romaría da Terceira Idade de Vedra

Sábado 11 de maio ás 12:30 h. no entorno do Centro Socio-cultural da Terceira Idade de Vedra.

**Programa:** Misa, actuación musical e xantar de confraternidade.

**Menú tradicional:** empanada, polbo, carne ó caldeiro, sobremesa, bebidas...

Poderán asistir todas as persoas que poidan valerse por si mesmas que estean empadroadas no Concello e cumpran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

O cónxuxe do/a pensionista pode participar aínda que non reúna o requisito de idade, sempre que veña acompañado/a polo/a pensionista.

Para asistir á romaría é preciso retirar un ticket que ten un custe de 20 €/participante. Para a retirada de tickets deben dirixirse ao Centro Social, de luns a venres, de 17:00 a 21:00 h. O prazo estará aberto do 22 de abril ao 7 de maio.



### ■ Circuito Termal nas Termas de Outariz e visita

Mércores 15 de maio.

**Prezo:** 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

**Programa:** pola mañá tratamento termal, xantar e visita. (O prazo de inscrición ábrese o 2 de maio ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

### ■ Festival das Letras Galegas

Domingo 19 de maio ás 19:00 h. Coral Polifónica de Santiso. Coro "O Nososon". Coral da Terceira Idade de Vedra.

### ■ Excursión ás terras de Mos / O Porriño

Mércores 5 de xuño.

**Prezo:** 30 € (Inclúe transporte, visitas e comida) -prazas limitadas- (O prazo de inscrición ábrese o 20 de maio ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

### ■ Bingo especial de verán

Xoves 6 de xuño ás 21:00 h.

### ■ Baile-Sardiñada de San Xoán

Sábado 15 de xuño ás 20:00 h. Haberá música, festa e sardiñada!! Para asistir á sardiñada é preciso retirar un ticket que ten un custo de 10 €/participante (Menú: sardiñas, churrasco e sobremesa). Para a retirada de tickets dirixirse ao Centro Social entre o 3 e o 12 de xuño.

## LUDETECA MUNICIPAL EN MAIO

■ A ludoteca ten como obxectivos proporcionar á infancia vedresa, espazos lúdico/educativos adecuados para favorecer o crecemento persoal, a adquisición de valores, hábitos, habilidades, a súa socialización e o desenvolvemento das súas capacidades.

Durante este último mes estivemos a desenvolver actividades compartidas coas familias, como por exemplo, un taller de atención sanitaria e prevención de riscos de accidentes, un taller de facer pan, ambos coa participación das das familias, isto contribúe a

un maior coñecemento e aprendizaxe colaborativa por parte de toda a comunidade.

Desenvolvemos programas de actividades baseadas na aprendizaxe por medio do xogo, a vivencia de experiencias novas, o desenvolvemento de talleres, de dinámicas de grupo, etc.

Con esta intención, presentamos os seguintes obradoiros e actividades para este mes:

- Xogando en valores: Contacontos.



- Taller de papaventos.
- Taller de burbujas.
- Compañeiros/as de xogo: Xogos reunidos.
- Celebración día das Familias.

## PARA A AXENDA...

- **NO VERÁN...** Do 21 ao 30 de xuño o horario será o de 8.30 a 14.30h, como nos meses de xullo e agosto.
- **Do 15 de xuño ao 15 de xullo** aberto o prazo de inscrición para o servizo madrugadores e ludoteca para o curso 2024/2025.

Máis información nos teléfonos: 981 814 639 ou 699 041 486.

## ... E EN MAIO LEMBRA INSCRIBIRTE NA PARA PARTICIPAR DA LUDOTECA DE VERÁN

■ Como todos os anos a Ludoteca inicia unha nova tempada de verán intentando cumprir coa maior e mellor calidade os seus fins educativos e sociais.

O prazo de presentación de solicitudes: Do 01 ao 31 de maio de 2024, ambos incluídos. As prazas son limitadas.

Lugares de presentación de solicitudes:

- Sede Electrónica.
- Presencialmente: PREVIA CITA (981 864 693 ou 981 864 612) no Rexistro do Concello ou nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP.



O modelo de solicitude estará a disposición na páxina web do concello.

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal



## INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

### ■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

### ■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

### ■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

### ■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade.





## O SERÁN DAS LETRAS O 25 DE MAIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

■ A Asociación Cultural San Campio conmemora cada ano a festividade do Día das Letras Galegas con toda unha programación ao seu arredor.

- IX Concurso Serán das Letras. Podes consultar as súas bases na web municipal.
- X Serán das Letras: A partir das 20 horas do 25 de maio na Eira de Manolo de Casimiro e González.

**X SERÁN DAS LETRAS**

**Sábado 25 de maio 2024**

**San Miguel de Sarandón Vedra**  
Eira de Manolo de Casimiro e González

**20:00 h.**

"Acto homenaxe adicado a Luisa Villalta e entrega de premios do IX Concurso Serán das Letras" con participación da Escola de Música e Baile da A.C. San Campio

**SERÁN FOLIADA**

Pandeireteiras Arrancadeira  
cantador@s de Recandea  
Escola de Pandeireteiras OS Campiños  
Pandeireteiras Dedaleiras

Colabora: Concello de Vedra


san campio ASOCIACIÓN CULTURAL  
DEDALEIRAS pandeireteiras

## IX CONCURSO SERÁN DAS LETRAS

DEBUXO

RELATO CURTO

POESÍA



## TORNEO F-8 SAN MAMED 2024

■ O Club Deportivo San Mamed organiza o Torneo F-8 que terá lugar nas seguintes datas:

- Sábado 18 de maio: VII Prebenxamín.
- Sábado 25 de maio: XI Benxamín.
- Domingo 26 de maio: XI Alevín.

Infórmate no club ou no enderezo electrónico [torneocdsanmamed@gmail.com](mailto:torneocdsanmamed@gmail.com) ou no teléfono 696 888 280.

**C.D. S. MAMED**

**TORNEO F-8 SAN MAMED 2024**

**VIII PREBENXAMÍN - 18 MAIO**

**XI BENXAMÍN - 25 MAIO**

**XI ALEVÍN - 26 MAIO**

**INFÓRMATE NO CLUB**  
[torneocdsanmamed@gmail.com](mailto:torneocdsanmamed@gmail.com)  
Aitor Tel 696 888 280

Concello de Vedra  
Deputación DA CORUÑA  
XUNTA DE GALICIA  
REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL  
NON

## PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN O BURGO DE VEDRA


■ **Sábado, 18 de maio:** Excursión a Viveiro pola mañá, con xantar no Restaurante Yenka, preto da Praia das Catedrais. Pola tarde, visita a Ribadeo e Praia das Catedrais.

■ **Domingo, 2 de xuño:** Xantar no Hotel Congreso, con baile amenizado polo "Dúo Armonía".

■ **Sábado, 15 de xuño:** Excursión á celebración "Arde Lucus" en Lugo.

Teléfono de contacto: 639811666

## LOITA CONTRA A VELUTINA



## O CONTROL DA VESPA VELUTINA

### Danos que causa esta especie invasora

- ✓ Reduce a biodiversidade dos ecosistemas por capturar moitas abellas e outros insectos polinizadores.
- ✓ Prexulzos económicos para os sectores apícola e froiteiro. Mata colmeas e reduce a produción de mel. Come e estraga moitas froitas.
- ✓ Seguridade cidadá. Se o niño se sente atacado, as velutinas poden saír en masa e atacar as persoas.
- ✓ Traballo forestal. Representa un risco de ataques se o traballador forestal non se decata da presenza dun niño na árbore que está cortando.

### Control mediante o trameo

Cos coñecementos que temos a día de hoxe, podemos dicir que o trameo a finais de outono e na primavera é a mellor ferramenta que temos para combatela. Por cada fundadora que capturemos, evitaremos a creación dun niño. Desta maneira, impedimos a reprodución de miles de obreiras velutinas e que estas ataquen as nosas abellas no verán e no outono.

AS DATAS MÁIS RECOMENDABLES PARA POÑER TRAMPAS VAN DENDE PRIMEIROS DE MARZO A FINAIS DE XUÑO.

### Onde colocar as trampas?

- En lugares onde se teñan detectado a presenza de velutinas en anos anteriores:
1. Os lugares máis recomendables para instalar as trampas cos seus atraentes son as zonas periurbanas, preto de edificacións, xa que é aí onde hai máis probabilidade de que instalen niños primarios. Nestes niños primarios é onde se asenta a raíña fundadora. Estes niños son moi sensibles ás condicións climáticas e desta maneira teñan máis posibilidades de sobrevivir.
  2. Tamén é moi importante colocar as trampas en lugares onde avistemos as velutinas, en flores de camelia e outras procedentes maiormente de Asia, hortas, xardíns etcétera.



### ← Niños primarios

Trátase dun niño provisional que crea unha raíña fundadora. Non son máis grandes ca unha pelota de tenis. Cando vexamos estes niños é boa práctica eliminar a avespa fundadora conservando o niño primario. O motivo é que se conservamos o niño, este pode atraer outra fundadora que tamén podemos eliminar. Desta maneira, poderíamos capturar varias avespas fundadoras, evitando os correspondentes niños secundarios.



### Niños secundarios

Trátase de grandes niños que poden chegar a medir 1 metro de altura e 80 cms. de ancho. Normalmente, están en lugares altos, como as copas das árbores, e albergan unha entre 15.000 e 18.000 avespas. Se descubres un destes niños, non tentes eliminálos ti só. Son moi perigosos. AVISA AO 112

### Trampas e atraentes

Trampas: Poden facerse caseiras con botellas de plástico. Tamén poden usarse as comerciais que hai no mercado.

**Atraentes caseiros**  
Mesturar viño branco e cervexa negra ao 40% con zume de arandos ou outros zumes de froitas ao 20% e algunha velutina.

- ✓ Receber cada 15 días sen lavar as trampas.
- ✓ A cantidade de atraente a empregar será de entre 100-150 ml.
- ✓ Hai que renovalo cada 7 ou 15 días.

**Atraentes comerciais:**  
Avispa Clac, Veto-Pharma. Seguir as instrucións do fabricante.



### Quen pode colocar trampas?

Todas as persoas poden colaborar neste trameo masivo de primavera para capturar fundadoras. Os apicultores e apicultoras nos lugares próximos ás abellas onde haxa hortas e flores que visiten as velutinas. Os concellos, por medio dos servizos de xardinería e medio ambiente, poden tamén instalar trampas nos xardíns da súa demarcación. Os nenos e nenas poden construír trampas caseiras no coleio, levalas para a casa e colocalas nas hortas. Os fruticultores e as fruticultoras nas súas plantacións, na época que haxa flores na contorna A sociedade no seu conxunto, xa que este é un problema social que afecta a todos e a todas.



## FESTAS EN MAIO

- **FESTA DA XUVENTUDE EN PONTE ULLA**  
Os días 30 de abril e 1 de maio.
- **FESTA DO SAN PEDRO MÁRTIR EN MERÍN**  
Os días 4 e 5 de maio.
- **XXXIV FESTA DA ORELLA EN SAN FINS**  
O domingo 5 de maio na Carballeira do Souto.
- **FESTA DO PORCO Á BRASA EN STA. CRUZ**  
O domingo 12 de maio.
- **XANTAR POPULAR EN VEDRA**  
O domingo 19 de maio no Campo da Festa.

**FESTA DA XUVENTUDE PONTE ULLA 2024**  
Martes 30 de abril Verberna con: GRUPO EUREKA DISCO MÓVIL CHOCOLATE Banda de Música STA. CRUZ DE RIVADULLA FUEGOS DE ARTIFICIO A CARGA DE PIROTECNIA PENIDE.

**MERÍN Vedra SAN PEDRO MÁRTIR - MAIO 2024**  
Festa na honra a San Antonio - Misa solemnísima ás 13:00 h  
4 sábado Verberna con: Dúo PHANTOM  
5 domingo Concerto a mediodía a cargo da: BANDA DE MÚSICA DE STA. CRUZ DE RIVADULLA

**XXXIV FESTA DA ORELLA 2024**  
SAN FINS DE SALES - VEDRA 5 MAIO  
12:00 APERTURA DA FESTA  
13:00 RESEPCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL E SALUDO DO ALCALDE DE VEDRA CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
13:15 PREGÓN A CARGO DA CANTANTE MARIETTA  
13:30 ACTUACIÓN MUSICAIS: MARIETTA TANTO NOS TEA CHARANGA TNT GRUPO FUSIÓN  
19:00 ACTUACIÓN MUSICAL: GRUPO FUSIÓN  
ORELLA DE PORCO - ORELLA DOCE POLCO - CHIRRASCO - TORTILLA XAMÓN ASADO E VINO DO PAÍS A PREZOS POPULARES AMPLIO APROVEITAMENTO

**COMISIÓN DE FESTAS PATIO 2024 FESTA DO PORCO Á BRASA 12 MAIO 2024 ÁS 14:00 STA CRUZ DE RIBADULLA**  
Langostinos cocidos  
Empanada  
Porco á brasa e patacas \*\*\*\*\*  
Viño, refrescos e auga  
Pan, café e postre  
Menores 13 anos: 12€  
Capi 650 407 050 Alex 660 634 557 Begoña 661 351 053 Casa Carrillo 981 51 20 06 Data límite: 6 de maio

**XANTAR POPULAR EN VEDRA 19 de Maio - 14h.**  
Menú:  
\*Empanada \*Palpo \*Carne ó caldeiro  
\*Postre, bebida e café (Habera menú infantil)  
Prezo: 28€ Menores/as (5 a 10 anos): 14€  
Venta de tickets ata o 12 de Maio en:  
- Librería Avenida (Vedra)  
- Panadería Mocha (Vedra)  
- Panadería Mocha (Vedra)  
- Bar O' Topo (Estadio)  
- Bar a Dama (Vedra)  
- Bar Barroiro (San Xosé de Sales)  
Télex: 609 747 270 (José C.)  
609 818 025 (Juan G.)  
Organiza Asociación Cultural e Festexos Santa Baia de Vedra.

## Parabéns

### A ALBERTO GARCÍA ALBELA

■ Por seguir acadando éxito tras éxito no mundo da hípica. Nesta ocasión foi en "Dos Lunas" nun nacional tres estrelas que puntuaba para a Copa ANCCE e a Liga Nacional de Cabalos Novos sobre o seu "Sir Olli OLD", sendo así a súa primeira vitoria nun Gran Premio. **Parabéns!**



### A ANDREA ÁLVAREZ

■ Por converterse na Campioa Galega de Judo na Categoría Infantil de menos de corenta e oito quilos. Unha xesta que seguro virá seguida doutras moitas. **Parabéns!**



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e cómodamente!  
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS